O Museo de la Emigración Gallega en la Argentina

Historia, memoria e identidade galaica na quinta provincia

RUY FARÍASMIGUEL | LUIS CHILOTEGUY

A inmigración xogou un papel fundamental na conformación da sociedade e da identidade arxentinas. Entre o último cuarto do século XIX e finais da terceira década do seguinte, sobre os cimentos dun territorio ata daquela só habitado por crioulos e aborixes (aínda que tamén por un pequeno número de europeos e africanos), asentouse unha poboación de milleiros de inmigrantes, a meirande parte deles ultramarinos. Nesa masa de homes e mulleres destacan, pola súa enorme contribución demográfica, os que chegaron desde Galicia.

No balance dos séculos XIX e XX a Arxentina foi o destino americano máis importante da emigración galega. Algo máis de dous millóns de españois arribaron ao país austral entre 1857 e 1930, dos que a metade arraigaron nel de forma definitiva. Tendo en conta que polo menos un 50 por cento nacera en Galicia (17 por cento de todos os europeos chegados durante este período), e que, tras a interrupción dos fluxos migratorios por mor da crise económica de 1929, a Guerra Civil española e a Segunda Guerra Mundial, recalarían de 1946 a 1960 outros 110.000 galegos máis, resta un saldo de non menos de 600.000 emigrantes desta orixe establecidos no país entre mediados do século XIX e finais do ciclo inmigratorio peninsular. Pero máis alá destes números de por si moi elevados, a súa acusada tendencia a se concentrar nas zonas urbanas do litoral pampeiro e, particularmente, en Buenos Aires, produciu un fenómeno aínda máis rechamante: que xa en 1914, cando a cidade máis importante de Galicia, A Coruña, tiña apenas 60.000 habitantes, moraban na capital arxentina preto de 150.000 galegos. Desde este momento, e durante boa parte da pasada centuria, a urbe porteña foi a máis populosa metrópole galaica do planeta.

Da antiga Suevia chegaron figuras fundamentais para a Historia arxentina, como Antonio Soto Canalejo (líder da gran folga de obreiros patagónicos de 1920-1921, popularmente coñecida como "La Patagónica Rebelde"), José María Cao Luaces (pai da caricatura política arxentina) ou o polifacético e xenial artista Luís Seoane, e pais ou avós galegos tiveron, entre tantos outros personaxes dignos de mención, Carlos Saavedra Lamas e Adolfo Pérez Esquivel (dous dos cinco premios Nobel do país), tres das dez persoas que pola súa afouteza durante a Guerra das Malvinas (1982) acadaron a máxima condecoración arxentina ao valor, ou Raúl Alfonsín (artífice e símbolo da recuperación da democracia do país).

Porén, alén das personalidades coñecidas, foi a masa anónima de inmigrantes galaicos a que de xeito decisivo contribuíu á construción da Arxentina moderna. Se é certo o afirmado por Víctor F. Freixanes acerca de que "a épica colectiva do pobo galego é a emigración[1]", quizais en ningún outro lugar do planeta esa afirmación sexa máis pertinente. O sangue de Galicia mesturouse coa realidade arxentina desde os mesmos albores da súa Historia nacional, ata o punto de que sen a súa presenza o país sería hoxe completamente distinto ao que coñecemos, pois, aínda que maioritariamente se asentaron en Buenos

Aires e na súa periferia, galegos houbo e hai galegos nos máis afastados confíns do vasto territorio arxentino, e o seu sangue corre polas veas duns 5.500.000 dos seus habitantes.

Mais eses inmigrantes, que na súa inmensa maioría procedían do medio rural (ou mariñeiro), sufrían ao chegar á popular e cosmopolita Buenos Aires un forte choque cultural. Por isto, despois de atopar onde vivir e un xeito de gañar a vida, o paso seguinte na súa adaptación adoitaba consistir na creación dunha rede social secundaria. Con ese fin fundaron e afiliáronse a innumerables asociacións voluntarias de corte étnico, xenericamente españolas ou especificamente galegas, polo que boa parte da súa integración tivo lugar a través da participación nunha colectividade emigrante. As institucións propiamente galegas desenvolveron case todas as posibilidades de asociacionismo étnico, combinando a procedencia xeográfica (rexional, provincial, local, comarcal ou parroquial) cos obxectivos específicos que cada unha perseguía (mutualistas médicas, beneficencia, culturais, recreativos, deportivos, políticos, etc.), malia que estes adoitaban ser múltiples. Pero o que sen dúbida distinguiu o asociacionismo galaico foi a aparición dun conxunto de institucións do ámbito *microterritorial*, que tomaban como ámbito de referencia divisións xeográfico-administrativas do territorio galego inferiores á provincia, como a comarca, o partido xudicial, o municipio e mesmo a parroquia. Representaron verdadeiros ámbitos de relación e de recreación do espazo social do que procedían, e só na capital arxentina xurdiron non menos de 327 delas entre 1904 e 1936, chegando a contabilizarse 476 no conxunto do país entre 1901 e 1933.

Por outra banda, estas persoas raramente se desvincularon da terra que os vira nacer. De feito, sempre existiu entre Galicia e a Arxentina unha ida e volta de persoas (a maioría dos inmigrantes concibían a súa estadía no país austral como algo temporal, e ían e volvían con frecuencia), e tamén un tráfico incalculable de remesas materiais e inmateriais, de recursos e de ideas. Con indepen-

Ruy Farías é doutor en Historia. Consejo Nacional de Investigaciones Cinetíficas y Técnicas - Universidad del General Sarmiento/ Museo de la Emigración Gallega en la Argentina.
ruyfarias@conicet.gov.ar

Miguel Luis Chiloteguy é conservador de Bienes Culturales. Museo de la Emigración Gallega en la Argentina/ Consejo Internacional de Museos-Comité Argentino.
mchiloteguy@yahoo.com.ar

Tradución: Andrea Expósito Loureiro

Recuperación de material fílmico
Porriño en Buenos Aires. Segundo Acto, 1929, filmografía Valle

1. Freixanes, Víctor F. "Limiar", en C. Samuelle, *Conversas con Manuel Meilán. Épica, amor e memoria do galleguismo emigrante*. Vigo, Xerais, 1993, p. 8.

dencia das iniciativas individuais, desde os comezos do microasociacionismo galego estas institucións incluíron entre os seus obxectivos, ademais do socorro mutuo, a beneficencia e o recreo, a coordinación de esforzos para levar a cabo iniciativas diversas na súa terra natal. Estas iniciativas plasmáronse, basicamente, no terreo da promoción educativa nos seus lugares de orixe, a través da fundación de centos de escolas. Pero se esta foi a principal finalidade destas institucións, distou moito de ser a única, xa que tamén foron relevantes a loita anticaciquil e o apoio aos sindicatos agrícolas galegos. Por iso, sen a emigración americana, e en particular a que tivo por destino Cuba e o Río de la Plata, a Galicia do século XX (e fundamentalmente a do primeiro terzo deste) sería incomprensible: no grande esforzo colectivo que supuxo a modernización da súa estrutura agraria, o impulso industrializador, a expansión urbana, os cambios de composición social e as férteis iniciativas culturais, a emigración estivo sempre presente. De aí que, se a Arxentina (e en particular Buenos Aires e a súa periferia) non se comprenden cabalmente sen a presenza galega, tampouco Galicia se entende sen ter en conta os seus fillos na República austral.

En 1921, como produto da coalición de varias microsociedades con vocación de intervención sociopolítica na súa terra de orixe, naceu a Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales, actualmente Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina (FAGA). Influenciada alternativamente polo agrarismo, o socialismo, o nacionalismo galego e o comunismo, fixo gala de modo permanente do seu republicanismo e dun alto grao de compromiso con Galicia, como o manifesta a súa clara vocación por intervir na modernización da súa sociedade e da súa vida política, ao mesmo tempo que na Arxentina sempre se distinguiu pola defensa da identidade e da cultura de Galicia. A mediados da década de 1950 alcanzou a súa máxima expansión, chegando a reunir unhas cincuenta e cinco sociedades con arredor de 15.000 afiliados. Daquela a súa sede albergaba as secretarías das múltiples sociedades: os seus armarios contiñan os libros administrativos (actas de comisión directiva e asembleas, rexistros de socios, libros de contabilidade, correspondencia, etc.), e tamén pequenas bibliotecas e útiles de oficina.

O Museo de la Emigración Gallega en la Argentina: fundamentos, obxectivos e actividades

> La museología se ocupa del estudio de la historia de los museos, de su papel en la sociedad, de sus sistemas específicos de investigación, documentación, selección, educación y organización, así como de las relaciones de la institución con el contexto social[2].

A creación do Museo de la Emigración Gallega en la Argentina (MEGA) foi unha iniciativa directamente vinculada á toma de conciencia do esgotamento físico da inmigración galaica no país e á preocupación pola custodia do seu patrimonio material e inmaterial.

A diminución desde principios da década de 1950 dos fluxos migratorios de Galicia cara á Arxentina foi seguida, no seguinte decenio, pola definitiva interrupción destes e o progresivo avellentamento e morte de importantes persoeiros da emigración e do exilio galego. A isto sumouse a ausencia de recambio xeracional nas institucións da colectividade, co risco inherente da perda non só das antano incontables sociedades galegas, senón tamén do patrimonio tanxible e intanxible da comunidade. Isto provocou un longo debate entre os líderes da colectividade, mais non foi ata comezos do século XXI, e por iniciativa da dirección da FAGA, que se asumiu o reto de reverter esta situación. Na súa asemblea xeral ordinaria de decembro de 2003, a Federación dispuxo a creación do MEGA, un espazo destinado a preservar o legado e a memoria das migracións e do exilio galego, e do seu contorno na República austral. A súa primeira acción concreta foi a realización, en xullo de 2005, nas dependencias do Museo Nacional de la Inmigración (MNI), situado no mítico Hotel de Inmigrantes, da mostra "Gallegos. De Galicia a Buenos Aires, 1860-1960", de ampla repercusión no seo da comunidade galaica do país, e antecedente inmediato á articulación dun Estatuto e dun plan museolóxico para a nova institución. Esta foi oficialmente inaugurada o 9 de decembro dese mesmo ano na sede da FAGA, situada na rúa Chacabuco, 955, do barrio porteño de San Telmo, un dos máis antigos da cidade e, desde hai máis de dous séculos, epicentro da presenza galega nesta.

O MEGA é unha institución privada, de carácter permanente, non lucrativa, ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento, aberta ao público, que adquire, protexe, conserva, investiga, comunica e exhibe o patrimonio material e inmaterial vinculado ás migracións e ao exilio galaico. Como ente cuxo propósito é o estudo, a educación e o deleite do público, constitúe un espazo de encontro e reflexión vinculado á historia, á memoria e á identidade galega, que apunta a destacar a pegada de Galicia na conformación da sociedade arxentina, e de tal modo lexitima, no contexto dunha sociedade caracterizada pola inmigración masiva e o seu carácter nacional,

étnico e cultural plural, a ineludible contribución galega á identidade nacional do país.

Como espazo educador e creador de conciencia cidadá, e traballando conxuntamente coa FAGA (a súa mentora e guía), o MEGA desenvolve múltiples actividades, entre as que se inclúen: cumprir e facer cumprir as leis de protección do patrimonio cultural e natural; a custodia do legado do colectivo galego no país; o rexistro e a conservación das súas coleccións de xeito claro e ordenado; a realización de tarefas de investigación relacionadas coas mencionadas coleccións, para unha maior comprensión do seu valor histórico e cultural, das características sociais e individuais da emigración e do exilio galego na Arxentina, e da súa integración e incidencia na realidade do país; a creación dos espazos axeitados para comunicar e exhibir os testemuños vinculados a estes fenómenos; e a promoción de relacións con outras institucións arxentinas e estranxeiras dedicadas á investigación e á difusión da inmigración, do exilio e da cultura galega na Arxentina. Neste sentido, constitúe un espazo único non só para a Arxentina senón para o conxunto da galeguidade, podendo reclamar con xustiza o mérito de ser o primeiro da orbe nacido para salvagardar a memoria histórica do colectivo emigrante e exiliado galego. Por último, o MEGA non ten por destinatario exclusivo a comunidade galega, senón que o seu obxectivo último é poñer de manifesto ante o conxunto da sociedade arxentina o relevante papel xogado polos galegos na conformación da identidade e da realidade da Nación rioplatense.

O MEGA funciona nun edificio señorial de dous andares, construído entre principios do século XX e 1927, que contaba orixinalmente cunha entrada para carruaxes e xardín. Foi adquirido pola Federación en 1942 para convertelo na súa sede, e con este obxectivo o xardín foi substituído por un teatro, e outras dependencias situáronse tanto sobre o xardín como no terreo dunha vivenda contigua que, logo de ser comprada pola Federación, foi derrubada a tal efecto. A casa, ampla, señorial e confortable, alberga desde entón a sede e a vida da institución, o seu teatro (desde 1947) e, a partir do 2005, o MEGA. Desde a súa apertura, a dirección afrontou un programa arquitectónico que consiste nunha serie de reformas destinadas a adecuar o edificio aos seus novos fins. Como resultado do que ata agora se realizou, o MEGA posúe xa cinco salas de exposición permanente, outra de usos múltiples, a biblioteca, un taller de restauración e unha oficina dedicada aos traballos do Programa Administrativo.

As salas do MEGA, deseñadas e organizadas pola Área Museológica, distribúense entre os

Sala dos Oficios, Museo da Emigración Galega

Operarias traballando na sala de restauración do Museo da Emigración Gallega

2. "ICOM Statues. ICOM code of professional ethics" (1987), citado en Linares, José. *Museo, arquitectura y museografía, Madrid/La Habana*. Fondo de Desarrollo de la Cultura / Dirección de Patrimonio Cultural - Ministerio de Cultura, 1994, p. 18.

dous andares da casa, e invitan o visitante a coñecer e a recrearse a través dos seus paneis, infografías, obxectos, historias de vida, documentos e demais elementos. No andar inferior existen catro espazos que conducen o visitante a través da historia de Galicia e das súas principais características demográficas, económicas e culturais, das causas da emigración ao longo dos século XIX e XX, das razóns polas que a Arxentina se converteu no máis importante destino mundial daquela emigración e do exilio galego, e da cronoloxía da presenza galega no país. Abórdanse logo os pormenores da partida desde os portos galegos, os medios de transporte e a viaxe, a chegada a Buenos Aires, a instalación no país, a súa inserción socioprofesional e as características distintivas da vida cotiá do grupo (conduta matrimonial, música, gastronomía, etc.). Xa na sala Manuel Cao Turnes (a antiga sala de xuntas da Federación, cuxo nome honra a memoria dun prestixioso dirixente seu), o visitante pode observar unha das formas específicas da socialización galaica na Arxentina, o xa aludido fenómeno do asociacionismo galego, e tamén a historia da propia Federación. Isto, á súa vez, condúceo a se mergullar na reconstrución da sociabilidade secundaria, o mutualismo étnico, a intervención sociopolítica en Galicia, o papel das elites intelectuais da colectividade, a importancia da prensa asociativa e as editoriais galegas no país, entre outros temas.

No andar superior, como homenaxe á Segunda República española e aos seus ideais democráticos e igualitarios, existe unha antesala dedicada a ela e á participación dos emigrantes galegos na Arxentina na súa vida e na conxuntura da Guerra Civil de 1936-1939. Alí non só se expoñen fotografías e documentos que ilustran este transcendental capítulo da vida da colectividade, senón tamén placas conmemorativas do conflito que pertenceron ao extinto Centro Republicano Español de Buenos Aires (CRE)[3] e a outras entidades que colaboraron na loita. No mesmo andar funciona tamén a sala Antonio Soto, cuxa denominación evoca o ferrolán que liderou a gran folga desenvolvida polos traballadores patagónicos en 1920-1921 para defender a súa dignidade e os seus dereitos laborais (e que se saldou coa morte de 1.500 deles a mans das forzas represoras). Nela exhíbense documentos e obxectos orixinais de Soto, e tamén paneis que recordan a súa traxectoria sindical e as contribucións doutros galegos ás loitas do movemento obreiro arxentino. Trátase dun espazo de usos múltiples, polo que frecuentemente se utiliza para conferencias, exposicións temporais ou a proxección de películas ou documentais. Contigua a esta, e próxima a inaugurarse, atópase outra sala destinada a mostrar a vida, a estrutura, o desenvolvemento e as características daquelas sociedades que algunha vez habitaron ou formaron parte da Federación, con particular referencia ao seu labor social e educativo, plasmado nas escolas que se construíron ou que axudaron a soster. A exposición centrarase inicialmente nas trece sociedades que aínda manteñen as súas secretarías no edificio da FAGA.

As exposicións permanentes e as mostras temporais das salas, as visitas guiadas a colexios e outros colectivos, as xornadas, os encontros, as conferencias, as exposicións, as presentacións de libros, as proxeccións de películas e documentais, e as demais actividades que integran o Programa de Extensión Cultural, dan conta dunha actividade frenética mediante a cal o MEGA cumpre a súa misión de exhibir o seu patrimonio, de educar a través del, de ampliar permanentemente a súa oferta cultural, de chegar a novos visitantes, de transcender as novas xeracións e, en definitiva, de transmitir a súa mensaxe a un público o máis vasto posible.

Para isto, desde logo, resulta fundamental o labor desenvolvido pola Área de Comunicación e Prensa, que leva adiante a súa misión a través de medios como o servizo de *mailing* ou a páxina web da Federación, informando ao público das variadas actividades do MEGA, dos seus programas e dos seus proxectos. Igual sentido ten a súa pertenza á Red de Museos Porteños, dependente do Gobierno de la Ciudad de Buenos Aires, da que participa na súa axenda de actividades culturais, incluíndo a celebración anual da multitudinaria "Noche de los Museos" da cidade, ou, desde 2014, as xornadas "Buenos Aires celebra Galicia".

Tamén no segundo andar funciona a Biblioteca Galega de Bos Aires "Antonio Pérez-Prado" (BGBA). Esta forma parte da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (cuxa base de datos en liña utiliza), e é a continuadora da tradición de custodia e difusión da cultura galega iniciada en 1943 pola sección cultural da Federación. Conta cun catálogo en rede de máis de 4.500 volumes de Historia, Socioloxía, Política, Economía, Xeografía, Antropoloxía, Arqueoloxía, Lingüística, Literatura (poesía, narrativa, teatro, infantil, xuvenil, obras clásicas de distintos idiomas traducidas para o galego, etc.), Cultura popular, Arte, Arquitectura, Deporte, Turismo e Gastronomía de Galicia, ademais de bibliografía técnica e obras de referencia (como enciclopedias ou dicionarios), a maior parte deles en galego. Non obstante, o seu acervo non remite só a Galicia e á súa xente, senón que, dado o carácter militante da Federación, tamén existen nel importantes colecções sobre a realidade histórica, política e social

de España e da Arxentina. Os seus fondos divídense en coleccións, unhas delas (a Colección General) habilitada para o préstamo a domicilio, e outras tres (Colección de Referencia, Colección del Exilio —que reúne o editado pola comunidade galega e española fóra de España entre 1936 e 1975—, e os Libros Reservados y Tesoro —que pola súa antigüidade, procedencia, dedicatoria, calidade editorial ou por seren difíciles de encontrar, merecen un coidado especial) de consulta na sala. O seu patrimonio increméntase incesantemente grazas ás doazóns de organismos públicos (como a Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela ou diversos concellos galegos) e privados (Asociación Galega de Editores, Fundación OSDE), das editoriais galegas e arxentinas (Galaxia, Ediciós do Castro, Xerais, Sotelo Blanco, Alvarellos, Alfaguara), de particulares republicanos, galeguistas ou exiliados (como o coronel Francisco Galán, Antonio Salgado, López Silva, Manuel Pedreira Rumbo, José González Ledo, Antonio Pérez-Prado ou Fernando Iglesias, *Tacholas*), e tamén dirixentes da colectividade hispana (Braulio Díaz Sal, Héitor Yebra, etc.).

Conta, así mesmo, cunha hemeroteca, que alberga tanto publicacións pechadas —accesibles só para investigadores— como outras a disposición do público en xeral. Entre as primeiras encóntranse, por exemplo, *El Gallego*, primeiro periódico galeguista de Buenos Aires, *El Despertar Gallego*, *Galicia* e *Acción Gallega*, todas elas da FAGA, ou *España Republicana*, do CRE, mentres que de entre as publicacións accesibles ao público xeral poden destacarse, por exemplo, as revistas *GRIAL*, *Estudos Migratorios*, *A Trabe de Ouro*, *Murguía. Revista Galega de Historia*, ou periódicos como *Galicia*, da FAGA, *Mundo Gallego*, do Centro Galicia de Buenos Aires, *Galicia en el Mundo* ou *España Exterior*.

A BGBA é un espazo único na capital arxentina, xa que de modo gratuíto atende os requirimentos do público xeral, ofrece orientación especializada e pon a disposición de especialistas e investigadores bibliografía actualizada sobre as máis variadas disciplinas relacionadas coa realidade, a historia e a cultura de Galicia. Ademais, como ente de difusión da cultura galega, presta un servizo de *mailing* sobre novidades e incorporacións ao fondo documental, avisos de actividades de extensión da Biblioteca, da Federación e do Museo, divulgación de información relativa á lingua galega, noticias do mundo do libro, promoción de recursos en liña, actividades culturais, certames, seminarios e noticias relevantes para a colectividade galaica, e participa dos encontros de Bibliotecas de Colectividades.

O Programa de Conservación, o Plan de Recuperación de Archivos y Documentos e a Área de Investigación

O acervo patrimonial do MEGA componse dunha gran cantidade de documentos achegados pola FAGA, as súas sociedades federadas ou doazóns particulares da comunidade galaico-arxentina, que se refiren tanto á emigración, a Segunda República e a Guerra Civil, como ao exilio ao que esta deu lugar. Concretamente, trátase de documentación de índole institucional e persoal, rexistros bibliográficos, fotográficos, sonoros e fílmicos, historias de vida, correspondencia privada e institucional, obxectos persoais, instrumentos musicais pertencentes a orfeóns ou grupos musicais locais e galegos, téxtiles, ferramentas de diversos oficios rurais e urbanos, maquetas, obras de arte, etc. Constitúen o testemuño do paso e da obra de centenares de milleiros de galegos que habitaron e habitan a Arxentina e, consecuentemente, son recoñecidos pola comunidade e polos especialistas como parte dun patrimonio único e inestimable.

En relación ao anterior, o Programa de Conservación, dependente da Área Museológica, ten por finalidade recuperalo e conservalo. Por iso, desde os seus inicios, o MEGA estableceu vínculos con institucións ligadas á actividade patrimonial e cultural, como a Federación Argentina de Amigos de Museos e a Universidad del Museo Social Argentino (UMSA), con cuxa colaboración, asesoramento científico e técnico, recursos humanos e supervisión desenvolveu un protocolo de restauración sostible, que emprega para estabilizar e conservar os fondos documentais e o resto do patrimonio acumulado. Asemade, asináronse acordos e convenios de colaboración académica e científica coa Facultade de Artes da UMSA, onde funciona a carreira de Licenciatura en Conservación y Restauración de Bienes Culturales. Grazas a isto, desde hai máis de cinco anos o taller de restauración do museo capacita bolseiros en tarefas de conservación e restauración. A experiencia piloto foi a intervención de máis de 6.000 fichas de ingreso do Sub-fondo Documental do CRE e a confección dun sistema de garda para os documentos, labor que demandou tres anos de traballo e a participación de trinta bolseiros da li-

3. Institución nacida en 1904, durante décadas mantivo unha importante actividade política e cultural a través da súa Comisión de Cultura e do seu periódico, editando libros, sostendo unha biblioteca e unha hemeroteca e, ao longo das décadas de 1950 e 1960, tamén un programa radiofónico.

cenciatura antes citada. Os resultados desta experiencia, executada de acordo co Plan de Recu peración de Archivos y Documentos (PREARD), foron presentados ao Consejo Internacional de Museos-Comité Argentino (ICOM Argentino) en xuño de 2009 polo subdirector do MEGA, no Archivo y Museo Históricos del Banco de la Provincia de Buenos Aires doutor Arturo Jauretche[4].

Na actualidade, o PREARD ten como obxectivo prioritario o desenvolvemento de programas de rexistro e dixitalización de documentos, e executa proxectos para reproducir e catalogar fondos documentais de relevancia histórica para a súa posterior investigación e difusión. No principio, a dixitalización realizábase cun escáner convencional, obtendo por resultado un arquivo ou imaxe común, pero recentemente adquiriuse un escáner planetario, grazas ao cal non só se poderán escanear documentos máis grandes, senón que, ademais, existe a posibilidade de converter arquivos de imaxes a texto, xa que conta coa tecnoloxía de Recoñecemento Óptico de Caracteres (OCR), o que permite a súa programación automática e uso continuado, ampliando así o horario de escaneo dos grupos especiais de traballo.

Os talleres de capacitación que o MEGA realiza en materia de conservación son abertos e gratuítos, e están concibidos para transmitir as técnicas de preservación e de garda de arquivos e rexistros. A institución ofrece asesoramento en materia de preservación, conservación e adquisición patrimonial tanto ao resto da colectividade galega e española na Arxentina, como a outras institucións e organizacións dedicadas ao estudo e interpretación das migracións no país, nun esforzo por divulgar na sociedade o coñecemento e crear conciencia da importancia da correcta conservación de fondos para o estudo das migracións e dos exilios.

Alén disto, o MEGA colabora con organismos internacionais consultivos, e coopera con museos e centros destinados á difusión e á conservación de bens culturais. En tal contexto inscríbese o acordo realizado no ano 2013 co Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) para a recuperación de rexistros fílmicos da emigración galega na Arxentina, polo que ambas as dúas institucións acordaron a restauración e a copia dunha película realizada no ano 1929 pola Sociedad de Fomento de Porriño e o seu Distrito en Buenos Aires (que se cría perdida). Hoxe en día, están a realizar xestións para copiar outro filme de similares características. Ademais, asináronse convenios e acordos de intercambio con universidades e institucións ligadas á inmigración, como o MNI, a cargo na actualidade da Universidad Nacional de Tres de Febrero.

Un dos roles máis importantes do MEGA é ser unha institución dedicada á produción de coñecemento. Por iso, a súa Área de Investigación traballa coas colecciónes do Museo para a maior comprensión do seu valor científico e histórico, achegando así unha valiosa información aos programas de documentación e rexistro.

Co paso do tempo a FAGA xerou unha enorme e rica masa documental. Pero o seu arquivo contén os fondos de varias ducias de sociedades microterritoriais, documentación persoal doada por membros da colectividade galaico-arxentina, e unha parte substancial da documentación producida pola CRE. No caso particular da documentación societaria, as máis de 960 unidades de conservación integradas por rexistros de socios, actas de asembleas e comisións directivas, documentación contable, correspondencia enviada e recibida, folletos de festas e romarías, etc. (que suman máis de 115.000 documentos) atópanse nun proceso sistemático de clasificación, posta en valor e dixitalización. Trátase de documentos de importante valor inmaterial, posto que, como sostén Xosé Manoel Núñez Seixas, dan conta de que existiu un tempo bo que os emigrantes axudaron á rexeneración de Galicia e á súa modernización[5]. A estreita relación entre mobilización política e social a nivel local de Galicia durante o primeiro terzo do século XX, e a súa translación aos emigrados, aflora en documentos como a declaración coa que principia o Libro de Actas do Comité Auxiliar de las Sociedades Agrícolas de Puenteareas en Buenos Aires, de febreiro de 1910, o documento máis antigo do arquivo da FAGA-MEGA.

Por outra parte, a documentación conservada fai posible afondar en como os emigrantes interviron na vida da Segunda República Española e como se mobilizaron na súa defensa durante a guerra de 1936-1939. Naquel contexto a FAGA deu vida a un organismo específico para apoiar a causa da España leal, a Central Gallega de Ayuda al Frente Popular Español, cuxos libros de actas e outros papeis se atopan perfectamente preservados. Así mesmo, o epistolario da Federación constitúe unha fonte ineludible para o tema, xa que nel poden atoparse cartas enviadas e recibidas de múltiples representantes do republicanismo español, o galeguismo, etc. Tamén existen outros fondos e subfondos correspondentes tanto á Coordinación de Organismos Republicanos Españoles, como a algúns dos comités que moitas das sociedades federadas crearon con fins similares. E, desde logo, os fondos do CRE constitúen outra excepcional vía de entrada ao estudo do republicanismo español na Arxentina, da Guerra Civil Española e do exilio republicano no país, xa que entre outros valiosos documentos, consérvanse as solicitudes de ingre-

Antesala do Museo da Emigración Galega

so do CRE e das agrupacións Navarra Republicana e La Tierrina Leal (asturiana), realizadas entre a segunda década do século XX e a de 1970, cuxa información posibilita a reconstrución do perfil social, profesional e político dos membros dun e doutras.

O resto dos fondos do arquivo da FAGA son tamén moi valiosos para abordar algúns temas fundamentais para a comprensión do proceso de integración do colectivo migrante galego. O estudo das formas de socialización deste constitúe, sen dúbida, un dos ítems máis importantes dentro do campo dos estudos migratorios. Non obstante, analizar o asociacionismo étnico permite tamén abordar as estratexias das elites na construción dos consensos e da conciencia social en cada colectividade, pois as actas de asemblea e de comisión directiva facilitan unha aproximación aos discursos das elites, á cuestión da identidade e á relación da directiva étnica coa masa de inmigrantes anónimos. Por outra parte, a análise das estratexias da directiva comunitaria, xunto á dos diferentes círculos concéntricos de identificación local, das cuestións políticas e ideolóxicas e dos mesmos avatares dos fluxos migratorios permite estudar as frecuentes ampliacións, escisións e fusións que —particularmente a partir da década de 1930— experimentaron as diferentes sociedades que fornecen de fondos o acervo documental da FAGA.

Ao mesmo tempo, os rexistros de socios son unha ferramenta útil para suplir algunhas das lagoas das fontes oficiais arxentinas publicadas e inéditas. O arquivo da FAGA non só conserva máis de corenta deses rexistros correspondentes a case vinte sociedades, senón tamén outras tantas series de solicitudes de ingreso, que case sempre



O documento mais antiguo do Arquivo da FAGA é a declaración limiar do do libro de Actas do Comité Auxiliar de las Sociedades Agrícolas de Puenteareas en Buenos Aires (22-II-1910)

4. Chiloteguy, Miguel Luis, "Plan de recuperación documental: estrategias de gestión y planificación", ponencia presentada en seminario "Gestión y conservación preventiva en los museos. Una experiencia interinstitucional", Buenos Aires, 30-VI-2009.

5. Núñez Seixas, Xosé Manoel. "¿Para que sirve conservar el patrimonio de la emigración?", en *A Grileira* 7, 2009. Recuperado de: http://www.agrileira.com.ar/agrilev/7C7nota1c.htm (última lectura, xuño de 2010).

consignan o nome e o apelido do novo socio (e de quen o presentou), a súa idade, nacionalidade, provincia, municipio e aldea de nacemento, profesión y domicilio na Arxentina. A posibilidade de realizar comparacións entre os diferentes fondos permite ilustrar os variados modelos residenciais dos diferentes grupos comarcais, municipais e parroquiais. E nalgunhas ocasións, a existencia de máis dun reconto nun mesmo rexistro de socios permite observar tamén a mobilidade espacial do grupo. O da inserción social e profesional é outro dos indicadores para os que (a través da súa combinación con fontes como as actas dos rexistros civís que conteñen datos de ocupación ou os rexistros de persoal dunha ou varias fábricas) as fichas de ingreso ou rexistros de socios poden resultar útiles para iluminar algunhas das características da inserción galaica no país.

Outro ítem que a documentación permite ás veces abordar é o da composición do *stock* galego nun punto determinado do país. Así, por exemplo, as máis de oitocentas solicitudes de ingreso realizadas por Residentes de Galicia en Lanús entre 1944 e 1958 ofrecen unha boa aproximación á composición provincial do colectivo galaico no municipio[6]. Noutros casos, a utilidade da fonte radica na posibilidade de visualizar o diferente peso relativo que unhas ou outras parroquias ou concellos puideron ter na conformación das sociedades de ámbito municipal ou comarcal. O carácter nominativo deste tipo de documentos (é dicir, o feito de que conteñan información individual sobre unha cantidade substancial de xente), ademais, fai posible a reconstrución de familias, círculos de socialización e, en definitiva, do vasto universo social destas persoas. Asemade, ao revelar tanto o lugar de nacemento desas persoas como o seu domicilio na Arxentina, deixan aberta a posibilidade de expandir a nosa base documental incorporando datos adicionais obtidos a partir de distintas fontes atopadas nun ou noutro lugar.

Outro tema que merece a atención dos investigadores é o importante papel que tanto a FAGA como moitas das súas sociedades adxudicaron á formación cultural dos seus membros. Ao respecto, non só existen os numerosos documentos xerados pola sección cultural da Federación ou do Ateneo Curros Enríquez, senón tamén libros e cadernos pertencentes ás bibliotecas de entidades como a Sociedad Unión Residentes de Entrimo y Lobios, Fomento de Porriño y su Distrito, Unión Hijos de El Grove, etc.

E que dicir do lecer e das festas? O papel xogado polas institucións da colectividade como ámbitos de socialización dos inmigrantes é un feito probado. Ao intentar reproducir pautas e manter costumes da sociedade de orixe, constituíron os mecanismos máis evidentes de expresión da identidade. Certas noticias difundidas polos órganos de prensa propios, anunciando enlaces matrimoniais, nacementos, efemérides, defuncións, viaxes e cambios de residencia son un expresivo reflexo disto. No caso particular das mulleres, cunha dedicación laboral que moitas veces se desenvolveu no ámbito doméstico, alcanzaron aínda maior importancia este tipo de relacións, pois o acceso ás sociedades como lugares de contacto externo foi ás veces a única posibilidade de facilitar as súas relacións persoais, o que incidirá no seu comportamento altamente endogámico, sobre todo mentres non se produciu a incorporación da muller a outro tipo de traballos. Neste sentido, non existen dúbidas respecto ao destacado papel que os omnipresentes xantares, bailes, festas campestres, etc. xogaron na subsistencia das solidariedades locais. Alí combinábanse elementos tradicionais (gaiteiros, alimentos do país, etc.) con outros propios da sociedade de acollida (por exemplo, a música crioula ou os asados), polo que representaban tanto unha oportunidade de recreación dos ambientes culinarios típicos e a música propia, como para a súa hibridación. As populares comisións de festas (para as que por regra xeral se designaba os socios femininos) e os documentos que estas elaboraron constitúen outras tantas fiestras abertas a este tipo de dinámicas, claves para a socialización do grupo, e xunto ás tamén numerosas comisións "de damas y señoritas" representan, ademais, practicamente a única fiestra á, xeralmente "invisible", participación feminina nestas institucións.

O arquivo da FAGA-MEGA resulta tamén unha boa vía de entrada ao problema da identidade lingüística, sobre todo para o período posterior a 1936, ata o día de hoxe pouco explorado. A diglosia funcional asociaba e limitaba o uso escrito do galego á gastronomía e á diversión, xunto coa evocación da comarca de orixe. A actitude que a FAGA e as sociedades federadas tiveron constitúe, sen dúbida, un interesante tema de investigación.

Loxicamente, a historia da inmigración e do exilio galego na Arxentina non se esgota nos temas antes citados. Os testemuños orais e outras formas de historias de vida axudan a comprender a complexidade dos procesos históricos e permiten entender como as forzas sociais condicionan e moldean os individuos, pois non só contribúen a revelar as características deses procesos, senón tamén o que a xente sentiu ao vivilos. Como sintetizou Dora Schwarzstein, representan un "instrumento fundamental para la comprensión del mundo interno de los inmigrantes, para explorar cómo la subjetividad, los conocimientos, los sentimientos, las fantasías, los deseos y los sueños de los individuos, la familia y la comunidad dan forma y sentido a la experiencia migratoria y

cómo, a su vez, son transformados por ella". Non só nos din o que a xente *fixo*, senón tamén o que *desexaba* facer, o que *cría* estar facendo e o que agora, quizais décadas despois daqueles acontecementos, *pensa* que fixo[7]. Consciente disto, o MEGA creou un Archivo de Fuentes Orales da migración e do exilio galego na Arxentina[8].

A modo de peche: un espazo para a identidade galaico-arxentina

> El factor determinante que define lo que actualmente entendemos por patrimonio, es su carácter simbólico, su capacidad para representar simbólicamente una identidad[9].

Máis de medio século despois da fin do ciclo migratorio masivo, a comunidade e a colectividade galega continúan mostrando unha gran vitalidade. Hoxe, cando o facho dunha identidade que xa non é exclusivamente galega nin arxentina, senón o resultado dunha longa e frutífera hibridación, pasa ás mans dos galaico-arxentinos (a eses galegos de segunda ou terceira xeración), a *quinta provincia* de inequívocos sinais de subsistencia e de proxección cara ao futuro. Sirvan, a modo de exemplo, o labor educativo promovido polo Instituto Argentino-Gallego Santiago Apóstol, o traballo fecundo desde a política, a recreación, a sanidade ou a cultura da FAGA, o Centro Gallego de Buenos Aires, o Centro Galicia desa cidade e a Fundación Xeito Novo de Cultura Gallega, ou iniciativas tan voluntariosas e interesantes como as dos grupos de Lectores Galegos en Bos Aires e O Terzo da Fala, entre outras.

Vista a longo prazo, a enorme presenza galega na realidade demográfica, económica, cultural e social arxentina, nas loitas sociais dos seus sectores populares, no movemento obreiro e —poderiamos dicir— case en calquera aspecto importante da historia do país que se queira tomar en consideración, son unha mostra cabal do seu alto grao de integración nel. Porén, esta integración verificouse en tal medida que moitas veces volveu estas persoas "invisibles" ante os ollos da sociedade, e mesmo do científico que pretende analizala. Como afirma Núñez Seixas, a colectividade galega na Arxentina é un dos principais lugares da memoria do que foi e do aínda é a emigración galega no mundo, e nos andeis das bibliotecas de decenas de institucións, nos seu sotos e faiados, poden atoparse auténticos tesouros desa memoria[10]. Consciente disto, o MEGA, como institución onde se combinan a conservación, a investigación, a creación de conciencia e a educación, traballa denodadamente para poñer de relevo a contribución xigantesca, anónima e silenciosa deses milleiros de galegos que (nunha escala a miúdo ignorada pola propia sociedade que os recibiu e que axudaron a forxar) fixeron posible a xestación e o desenvolvemento da Arxentina moderna, ao mesmo tempo que contribuían poderosamente á construción dunha identidade (a arxentina) durante moito tempo tan magmática, como aínda en permanente reelaboración. Unha misión que asume, polo demais, a partir do convencemento da necesidade de encarar programas de adquisición e proxectos que teñan por norte evitar o espolio e a saída do país dun patrimonio que non é privativo de Galicia e dos seus emigrantes, senón da comunidade galaico-arxentina e, en consecuencia, da sociedade arxentina no seu conxunto.

Por último, se —como sostén Llorenç Prats— o fundamental do patrimonio é a súa capacidade para representar simbolicamente unha identidade, é preciso entender tamén como e por que este foi construído. En toda sociedade poden atopase distintos referentes patrimoniais que acadaron tal posición grazas á súa capacidade de provocar adhesións. Precisamente, unha das características do MEGA é o empeño que puxo en adquirir o status de ente de referencia da identidade galega na Arxentina, non como un fin en si mesmo, senón como un medio para resaltar a pegada da presenza galega no país austral ante os ollos do conxunto da sociedade. Porque, como algunha vez resumiu un escritor tan grande e agudo como Roberto Arlt, ela é "la segunda patria del gallego"[11] ■

6. *Vid*. Arquivo FAGA-MEGA, Fondo Residentes de Galicia en Lanús, Solicitudes de ingresos de socios, 1-810.

7. Schwarzstein, Dora, *Entre Franco y Perón. Memoria e identidad del exilio republicano español en Argentina*, Barcelona, Crítica, 2001, p. XVII.

8. Para unha análise máis pormenorizada dos fondos documentais da FAGA-MEGA, *vid*. "El asociacionismo gallego en Buenos Aires y las posibilidades que ofrece para el estudio de la integración de los migrantes: un análisis a partir del archivo de la FAGA-MEGA", en *Antíteses*, Londrina, Programa de Pós-Graduação em História Social da Universidade Estadual de Londrina, vol. 4, nº7, xuño 2011, pp. 151-171. Revista electrónica, dispoñible en http://www.uel.br/revistas/uel/index.php/antiteses.

9. Llorenç, Prats, citado en García López, Angélica, "Patrimonio cultural: diferentes perspectivas", en *Arqueoweb. Revista sobre arqueología en Internet* 9 (2), febreiro de 2008. Dispoñible en http://pendientedemigracion.ucm.es/info/arqueoweb/pdf/9-2/angelica.pdf.

10. Núñez Seixas. *Op.cit.*

11. Arlt, Roberto. *Aguasfuertes gallegas*. Rosario, Ameghino Editora, 1997, p. 135.